



NOTA DE PRENSA

O acto terá lugar ás 13.00 horas no areal de Mañóns

O Concello de Boiro izará mañá as bandeiras azuis e "Q" de calidade nas praias

O Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes, e a Concelleira de Turismo, Francisca Suárez Lijó, acompañados doutros membros do goberno, realizarán **mañá xoves, día 8 de xullo, ás 13.00 horas na praia de Mañóns**, o acto de izado das bandeiras azuis e "Q" de calidade .

Cabe lembrar que Boiro conta con cinco bandeiras azuis e tres coa "Q" de Calidade. O Comité de Seguimento do *Instituto para la Calidad Turística Española* (ICTE) decidiu renovar o distintivo da Q de Calidade Turística nas praias de Mañóns, Carragueiros e A Retorta, e polo que respecta á Bandeira Azul, a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC), otorgouna a Carragueiros, Barraña, Mañóns, A Retorta e Saltiño – Barraña – Esquerda.

Respecto desta última bandeira, a concedida a un dos tramos da praia de Barraña (Saltiño – Barraña – Esquerda; a parte de Saltiño cara a Cabo de Cruz), informar que o goberno de Boiro acordou non izala con motivo das molestias que causan as obras de substitución do saneamento que está a levar a cabo Augas de Galicia. O executivo quere deixar claro que as obras non afectan ao areal e en absoluto interfieren na calidade das augas, a area ou os servizos que se prestan, pero si hai outras molestias como ruídos ou polvo que, cremos, deteriorarían a imaxe da Bandeira Azul de ser colocada, polo que entendemos que é máis coherente colocar o distintivo o vindeiro verán, pois estamos seguros de que seremos merecedores, unha vez máis, desta distinción. Esta decisión do goberno foi comunicada oficialmente a Adeac, quen informou favorablemente e comprendeu dita decisión municipal.

Por outra banda, o Concello de Boiro quere destacar que todos os socorristas que prestan os seus servizos nas praias do municipio están en posesión do título de socorrista, ademais de ter superadas as probas físicas que estipula a lei, pois así o marcan tanto as directrices de Q de Calidade como as de Bandeira Azul.

Boiro, 7 de xullo de 2010

Gabinete de prensa